

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 20 DE XUÑO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Verín, polo que se regula a concesión directa dunha subvención para a execución da obra de adecuación da Casa da Xuventude para sala de exposicións e oficina de turismo, no concello de Verín, por importe total de douscentos corenta mil euros (240.000,00 euros).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela para financiamento da redacción da revisión do Plan especial de protección da cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela, por un importe total de catrocentos cincuenta e tres mil euros (453.200,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de San Cibrao das Viñas para o financiamento da redacción do Plan especial do polígono industrial do concello de San Cibrao das Viñas, por un importe total de douscentos sesenta mil cento cincuenta (260.150,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as empresas Unión Fenosa Distribución S.A., Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A. (Begasa), a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE), Electra Alto Miño, S.A., Distribuidora Eléctrica de Catoira, S.A., Eléctrica de Valdriz, S.L. e Eléctrica de Alberguería, S.A., para a mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia 2013, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder 2007-2013, por importe de dezanove millóns douscentos doce mil oitocentos un euros con dous céntimos (19.212.801,02 euros).
- Acordo polo que se exime de constitución de garantías nos pagamentos á conta nas axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo) para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil setecentos oitenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (17.782,56 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM-Ferrol) para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e tres mil seiscentos corenta e catro euros con seis céntimos (43.644,06 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE), para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual, por un importe de cento noventa e dous mil cincocentos corenta e tres euros con vinte e cinco céntimos (192.543,25 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a primeira addenda ao convenio de data 14 de marzo de 2013, subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos aditivos relacionados con dependencias non alcohólicas.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Defensa para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2013, por importe de cincocentos corenta e cinco mil oitocentos cincuenta e oito euros (545.858,00 euros).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a previsión de recursos da Unidade de Policía Adscrita (UPA) no Pladiga 2013.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre o Plan de incentivos para a venda de solo empresarial en Galicia.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria de bolsas para estadias para investigadores e tecnólogos de centros tecnolóxicos e organismos de investigación de Galicia alleos ao Sistema Universitario de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre os Premios da Cultura Galega 2013.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente (SiNASP) en todos os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o calendario laboral 2014.

## **CULTURA E EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR EN ESTILISMO E DIRECCIÓN DE PEITEADO ÁS NOVAS TENDENCIAS NO SECTOR DO ESTUDO E COIDADO DA IMAXE PERSOAL**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á modernización deste título, o número 69 dos xa adaptados pola Consellería ás esixencias da Lei das cualificacións profesionais***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe á modernización do título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado, despois de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o adaptase para dar resposta ás novas tendencias do sector do estudo e coidado da imaxe persoal. Deste xeito, apróbase o número 69 dos currículos adaptados polo departamento educativo da Xunta de Galicia de acordo coas esixencias da Lei das cualificacións profesionais.

O novo currículo pon o acento en formar profesionais que respondan ao perfil do profesional que hoxe en día demanda o sector. Neste sentido, poténciase a formación en liñas como a imaxe persoal integral ou a especialización en técnicas de peiteado, tendo en conta as posibilidades laborais que abren eidos como o do consello e avaliación da imaxe e comunicación. Así mesmo, faise fincapé nos coñecementos científico-tecnolóxicos, de acordo coa evolución tecnolóxica e o uso de aparellos e cosmética avanzada nos salóns de beleza.

Os titulados neste ciclo poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector en postos como o de director técnico en empresas de peiteado, estilista, peiteador especialista, técnico en análise capilar, conselleiro avaliador de empresas de peiteado, asesor de imaxe, técnico comercial, formador técnico en peiteado ou asesor de venda e demostrador de produtos e aparellos de peiteado, ou asesor de prensa especializada en imaxe persoal e peiteado. Así mesmo, poderán desenvolver a súa actividade profesional como expertos en coidados capilares en clientela con necesidades especiais, e traballador cualificado en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.

No eido das producións audiovisuais e escénicas poderán desenvolver tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, loxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental, na dirección técnica artística de peiteado en producións audiovisuais, escénicas de moda ou na asesoría artística de peiteado.

## **A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE VERÍN NA ADECUACIÓN DA CASA DE XUVENTUDE COMO SALA DE EXPOSICIÓNS E OFICINA DE TURISMO**

- ***O obxectivo é acondicionar o espazo da Casa da Xuventude de Verín para dar a coñecer os recursos turísticos, culturais e etnográficos da zona***
- ***Os custos de elaboración do proxecto básico e de execución, así como da execución da obra, son de 240.000 euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e mais o Concello de Verín para a execución das obras de adecuación da Casa da Xuventude para a súa utilización como sala de exposicións e oficina de turismo.

En virtude do convenio, Turismo de Galicia financiará os custos derivados da elaboración do proxecto básico e de execución, así como da execución da obra, que supoñen 240.000 euros. O obxectivo da adecuación é facilitar e dar a coñecer os recursos turísticos da zona tanto na súa vertente cultural e etnográfica como turística.

Na actualidade, tanto a sala de exposicións como a Oficina de Turismo de Verín están situadas na Casa do Escudo da mesma localidade, dedicada tamén a albergue de peregrinos. Co obxecto de destinar exclusivamente a albergue a Casa do Escudo e ampliar as instalacións destinadas a el, acometeranse obras na Casa da Xuventude que permitirán habilitar os dous novos espazos.

De tal xeito, as actuacións que se acometerán na Casa da Xuventude serán a reforma parcial dunha edificación existente, mantendo os usos xerais dela, para albergar unha sala de exposicións e mais a oficina de turismo do municipio. Así, levarase a cabo a reestruturación interior do espazo existente para adaptalo ás novas necesidades.

## **SANTIAGO DE COMPOSTELA TERÁ UN NOVO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DA CIDADE HISTÓRICA, QUE SUPORÁ A MODERNIZACIÓN DUN DOCUMENTO CREADO HAI MÁIS DE 15 ANOS**

- *A achega económica que investirá o Goberno galego por un importe de 226.600 euros suporá o 50% do investimento previsto*
- *A complexidade do documento multiplícase ao tratarse da capital de Galicia e dun ámbito, a cidade histórica, declarado patrimonio da humanidade pola Unesco*
- *O documento supón un reto e unha responsabilidade para ambas administracións, con competencias sobre a materia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela, co fin de financiar a revisión do Plan especial de protección da cidade histórica (PEPCH) da capital compostelá, que data do ano 1997.

A súa revisión logrará adecuar as políticas de rehabilitación e revitalización ás condicións actuais da cidade histórica de Santiago de Compostela. Neste traballo procesarase moita información que permitirá coñecer as necesidades da cidade e establecer estratexias de obtención, xestión e interrelación de datos. Tamén definirá, con nitidez, o ámbito de intervención, que non ten por que restrinxirse estritamente ao ámbito do núcleo histórico, senón que podería resultar conveniente estendelo.

Os técnicos analizarán os cambios recentes nos instrumentos de protección e de rehabilitación a través do planeamento e estudarán a dinámica poboacional, o equilibrio entre accesibilidade e ambiente urbano, a elaboración de diversos supostos, a representación tridimensional e dinámica, entre outros aspectos.

O Plan especial de protección da cidade histórica (PEPCH) foi aprobado definitivamente o 24 de marzo de 1997. O feito de ter máis de 15 anos de vixencia, xunto cos constantes cambios tanto na normativa urbanística como de protección do patrimonio, veñen determinar que este instrumento quedará obsoleto e desfasado, o que fai necesaria a súa revisión.

Este convenio baséase nas especiais circunstancias que concorren na redacción e tramitación do documento, unidas á complexidade dun proceso de revisión dun plan especial, que se multiplica ao se tratar da capital de Galicia, e dun ámbito, a cidade histórica, declarado patrimonio da humanidade pola Unesco, ademais de supoñer un reto e unha responsabilidade que están chamadas a compartir as dúas administracións con competencias sobre a materia.

### **Orzamento**

Con esta actuación estableceranse as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello. A achega económica que investirá o Goberno galego é de 226.600 euros, o que suporá o 50 % do total. A porcentaxe restante será asumida pola Administración local, polo que o importe desta actuación se eleva a 453.200 euros.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos, ademais de nomear, se for o caso, de entre os seus funcionarios, un grupo de seguimento, que dedicará unha especial atención ao desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a súa eficacia.

Pola súa parte, o Concello de Santiago de Compostela achegará a outra metade do orzamento e levará a cabo as actuacións correspondentes para a redacción do documento, así como as relativas á aprobación inicial, provisional e definitiva deste e realizar, posteriormente, a súa entrega na Secretaría Xeral de Ordenación, Territorio e Urbanismo.

Tamén terá que facilitarlle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o acceso a todo tipo de información que teña relación co obxecto do acordo.

Así mesmo, o Concello de Santiago asume a obriga de financiar pola súa conta exclusiva, se for o caso, as posibles modificacións do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puidesen producir.

### **Competencias**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, ten as competencias específicas en relación cos plans especiais. É o organismo encargado da emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control da legalidade e tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Tamén asume, un labor de fomento para que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico. Entre os labores de fomento cabe sinalar as ordes anuais polas que se regula a concesión de axudas a entidades locais para formulación de planeamento urbanístico, das cales, por regra xeral, están excluídos os concellos de máis de 50.000 habitantes. Para os que superen esta cifra, as axudas poderán concederse mediante a sinatura dun convenio de colaboración no cal se establecerán as súas específicas condicións.



## **A XUNTA FINANCIARÁ A REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA GARANTIR O CRECEMENTO ORDENADO DOS SEUS SERVIZOS**

- *A finalidade deste convenio é que o Concello de San Cibrao das Viñas dispoña dun documento de planeamento axeitado que dea resposta á demanda de crecemento do seu polígono industrial*
- *O polígono de San Cibrao foi creado no ano 1965 e ocupa unha superficie bruta de 3.250.000 m<sup>2</sup>, configurando o ámbito de actividade empresarial máis importante da provincia de Ourense*
- *A revisión do PEPI tratará de coñecer a situación actual do polígono en relación coas súas actividades, infraestruturas, rede viaria, dotacións, conexións e grao de adecuación da oferta do solo ás necesidades da demanda actual*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de San Cibrao das Viñas, para financiar a revisión do Plan especial do polígono industrial (PEPI) situado no municipio.

A finalidade deste convenio é que o concello dispoña dun documento de planeamento axeitado que permita dar cabida ás previsións de crecemento do seu polígono industrial, adaptado á lexislación de solo vixente. Ambas as administracións son conscientes da necesidade de elaboración dun novo plan especial que proxecte un desenvolvemento urbanístico equilibrado sustentable do seu ámbito, contribuíndo deste xeito ao progreso económico e social do Concello de San Cibrao das Viñas e á demanda de solo empresarial da súa área de influencia territorial.

Este convenio, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, contará cun orzamento total de 260.150 euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asumirá o 50% do custo (130.075 euros). Pola súa banda, o concello de San Cibrao das Viñas contribuirá no financiamento das actuacións co 50% do orzamento restante.

### **Características do polígono**

O polígono de San Cibrao das Viñas foi creado no ano 1965 e está situado na localidade ourensá que lle dá o nome, a 10 km da cidade de Ourense, e configura o ámbito de actividade empresarial máis importante da provincia.

Ocupa unha superficie bruta de 3.250.000 m<sup>2</sup>, dos cales 2.500.000 m<sup>2</sup> se destinan a solo industrial, 293.910 m<sup>2</sup> a zonas verdes, 116.400 m<sup>2</sup> a superficie social e o resto da superficie destínase a vías e aparcadoiro.

Ao longo de todos estes anos fóronse instalando empresas ata chegar a superar as 320 firmas con actividades como industrias químicas, industriais de transformación da madeira, construción, automoción, industria téxtil e outras actividades.

### **Contido do Plan especial**

A revisión do PEPI tratará de coñecer a situación actual do polígono en relación coas súas actividades, infraestruturas de servizos xerais, rede viaria, abastecemento, saneamento, evacuación e depuración de augas. Tamén prevé a análise de dotacións de espazos libres, zonas verdes e equipamentos; conexións do polígono e diagnóstico sobre o grao de adecuación da oferta de solo empresarial do polígono industrial ás necesidades da demanda actual.

A partir do diagnóstico, o Plan de especial de infraestruturas, dotación e reordenación do polígono industrial de San Cibrao das Viñas desenvolverá os seguintes aspectos:

- Definición de obxectivos, criterios e solucións xerais en relación coas infraestruturas de comunicacións e servizos, e coa reordenación proposta.
- Xustificación das solucións adoptadas e do dimensionamento das redes xerais de abastecemento de auga, saneamento de depuración.
- Plan de etapas e avaliación do custo de implantación dos servizos.
- Xustificación e formulación de criterios de reordenación.

O convenio contará cunha comisión de seguimento, que impulsará, controlará e interpretará as accións establecidas nel. Este órgano estará constituído por catro membros das partes asinantes.

## **O NOVO PLAN DE CALIDADE ELÉCTRICA DESTINA PRETO DE 20 MILLÓNS Á MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN DE MÁIS DE 60 CONCELLOS GALEGOS**

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración con empresas distribuidoras de enerxía eléctrica que beneficiará máis de 600.000 galegos***
- ***O Goberno galego dedica 6 millóns de euros a esta actuación, sumando desde 2009 44 millóns de euros en medidas que melloran a distribución, e contribúe ao desenvolvemento económico e ao incremento da calidade de vida dos cidadáns***
- ***As accións levadas a cabo na materia permitiron reducir en máis do 50% o tempo de interrupción da subministración con respecto a 2008***

A Xunta de Galicia segue a apostar polo aforro e a eficiencia como un dos piares fundamentais da súa política enerxética. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria impulsa unha nova edición do Plan de mellora da calidade da subministración da enerxía eléctrica, que prevé investimentos por preto de 20 millóns de euros e beneficia máis de 60 concellos galegos ao longo de 2013.

Levarase a cabo a través dun convenio de colaboración que autorizou o Consello da Xunta coas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica Unión Fenosa, Begasa, a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE), Electra Alto Miño, Distribuidora Eléctrica de Catoira, Eléctrica de Valdriz e Eléctrica de Alberguería.

Este acordo favorecerá máis de 600.000 cidadáns, o 21,5% da poboación galega, contando cunha achega da Xunta para o seu desenvolvemento de case 6 millóns de euros provenientes de fondos Feder e fondos FCI. Deste xeito, apóianse distintas actuacións que repercutirán en beneficio da poboación, como a mellora na rede de baixa e media tensión, a instalación de novos centros de transformación e de seccionamento ou a implantación de novas liñas e subestacións que mellorarán a calidade da subministración e, polo tanto, incrementarán a calidade de vida dos cidadáns.

Coa execución deste novo plan, en colaboración coas empresas distribuidoras, nos últimos cinco anos foron beneficiados 200 concellos galegos cunha poboación conxunta superior aos 2 millóns de habitantes, o 71% da poboación galega.

Neste período a Xunta suma máis de 44 millóns de euros investidos, tanto a través das distintas edicións do plan como coas ordes de axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas dirixidas aos concellos, así como con outras actuacións puntuais como os convenios de adecuación de liñas eléctricas de Verín e da Península do Morrazo.

O obxectivo é mellorar a calidade da subministración eléctrica nas zonas que presentan determinadas carencias neste eido, atendendo á demanda de enerxía tanto dos particulares como das empresas nas mellores condicións posibles. Contribúese así ao

desenvolvemento económico das devanditas zonas e á integración e ao equilibrio territorial.

A posta en marcha destas medidas contribuíu a unha redución de máis do 50% no tempo de interrupción da subministración con respecto a 2008, así como unha redución de máis do 38% no número de interrupcións. Isto permite que nestes momentos Galicia mellore a media española en calidade de subministración eléctrica, a pesar das dificultades orográficas e a dispersión da poboación que presenta a Comunidade.

## **A XUNTA DESTINA 9 MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR A INTERNACIONALIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO**

- ***As bases aprobadas hoxe polo Consello da Xunta inclúen a convocatoria de liñas de apoio para misións inversas, prospección internacional ou primeira implantación promocional conxunta no exterior (Primex)***
- ***Prevese a mobilización de 15 millóns de euros en investimentos empresariais***
- ***A intensidade das axudas pode chegar ata o 80%, cun incremento do 5% no caso de que os beneficiarios sexan clústers ou empresas asociadas a clústers, e doutro 5% para as empresas localizadas en Lugo, Ourense, Ferrolterra e na Costa da Morte***

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial como un dos piares do crecemento económico, segue a desenvolver diferentes programas de impulso para facilitar a saída ao exterior das pemes galegas. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe as bases específicas de apoio á internacionalización, que mobilizarán 15 millóns de euros a través de tres eidos específicos de actuacións: a implantación promocional conxunta no exterior (plan Primex), as misións inversas e a prospección das empresas en novos mercados.

Dentro da estratexia de internacionalización da Xunta, a Consellería de Economía e Industria mantén o esforzo investidor sumando, ao igual que no último exercicio, 9 millóns de euros, unha cifra coa que se aspira a acadar os mesmos resultados que entón e apoiar máis de 230 proxectos de internacionalización de empresas galegas.

Neste contexto, apóstase dun modo especial polo plan Primex, que recibe máis do 85% do orzamento total e está destinado ao impulso das primeiras implantacións das empresas galegas no exterior a través de proxectos conxuntos de cooperación que permiten unir esforzos, compartir custos e, se fose o caso, desenvolver estratexias de marca. Esta aposta polo Primex busca mellorar as cifras da convocatoria do ano pasado, cando se aprobaron 35 proxectos de colaboración con máis dun cento de empresas beneficiadas.

As outras dúas liñas destas bases destínanse, dun lado, ao impulso de misións inversas do estranxeiro a Galicia para favorecer colectivos de empresas galegas ou facilitar o contacto con potenciais clientes; e, doutro, ao desenvolvemento de prospeccións en novos mercados previas a unha posible implantación comercial estable.

A intensidade das axudas oscila, segundo os programas e os beneficiarios, entre o 45% e o 80% dos investimentos subvencionables. Como novidade deste ano, cómpre salientar que as axudas terán un complemento do 5% cando os beneficiarios dos proxectos sexan clústers ou empresas asociadas a clústers.

Así mesmo, e no contexto do reequilibrio territorial promovido pola Xunta, aqueles proxectos que contén con empresas ou organismos de zonas con plans especiais de dinamización –Lugo, Ourense, Ferrolterra e Costa da Morte- contarán tamén cun incremento do 5% na intensidade do apoio.

Estas bases reforzan a aposta pola internacionalización do tecido empresarial galego como un dos eixes estratéxicos da política económica da Xunta de Galicia. Así, os orzamentos deste ano incrementáanse nun 10% neste ámbito ata superar os 20 millóns de euros co obxectivo de seguir avanzando na proxección exterior das empresas galegas.

Esta aposta permitiu pechar o ano con case 6.000 empresas galegas exportadoras, cifra que supón un incremento do 11% con respecto ao anterior exercicio. Así mesmo, a balanza comercial reflectiu no 2012 un saldo positivo de 1.674 millóns, que se consolida no primeiro trimestre deste ano cun superávit de 735 millóns.

Entre as principais ferramentas de internacionalización que está a promover a Xunta destacan o re-Export, que mobilizará 8 millóns de euros para facilitar operacións destinadas a iniciar ou consolidar as vendas en mercados exteriores; o Foexga, cunha achega total de 2 millóns para posta en marcha de iniciativas que favorezan o crecemento das exportacións e a apertura das pequenas e medianas empresas a mercados en crecemento; a Rede Pexga, que beneficiou xa a máis de 5.000 empresas; ou o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT), que acadou o ano pasado a adjudicación de 14 contratos internacionais que supuxeron 55 millóns para empresas galegas.

## **CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ MÁIS DE 580.000 EUROS A FACILITAR O TRANSPORTE DE 183 ESTUDANTES CON NECESIDADES ESPECIAIS O VINDEIRO CURSO**

- ***A Consellería asinará con este fin convenios de colaboración con ASCM Ferrol e BATA Pontevedra***
- ***Estes acordos únense aos xa asinados con ACEESCA, Amencer-Aspace, ASPANAEX, Cruz Roja Española e GRUMICO***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará máis de 580.000 euros a facilitar o transporte escolar de 183 alumnas e alumnos con discapacidades o vindeiro curso. Para iso Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura de convenios de colaboración coa Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM-Ferrol) e con BATA Pontevedra (Bayón. Asociación para o Tratamento do Autismo); que se suman aos xa aprobados –en materia de transporte escolar- con ACEESCA, Amencer-Aspace, Aspanaex, Cruz Roja Española e Grumico. Ao abeiro de todas estas colaboracións o departamento educativo da Xunta de Galicia avanza no seu compromiso coa educación inclusiva e a atención á diversidade do alumnado galego.

Ao abeiro dos convenios con ASCM-Ferrol e con BATA Pontevedra, as devanditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos dun total de 17 estudantes cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos. A colaboración cobre os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar.

Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

## CULTURA E EDUCACIÓN RENOVARÁ A SÚA COLABORACIÓN COA ONCE PARA PRESTAR ATENCIÓN ESPECIALIZADA A MÁIS DE 350 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL

- ***A Consellería destinará a esta medida de atención á diversidade preto de 200.000 euros, en prol dun ensino de calidade axustado á diversidade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará preto de 200.000 euros á atención de máis de 350 alumnas e alumnos con discapacidade visual. Para iso Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración coa ONCE, a través do cal a Xunta de Galicia avanza no seu compromiso coa educación inclusiva e a atención á diversidade do alumnado galego.

Ao abeiro deste acordo a Consellería porá a disposición da comunidade educativa a seis profesores especializados na atención do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave. Este profesorado terá como función apoiar a este alumnado, tanto en educación primaria, 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. Así, o convenio é un garante para a inclusión educativa deste alumnado – a través da súa escolarización en centros ordinarios-, a accesibilidade aos recursos tecnolóxicos e a transcripción e gravación a braille dos libros de textos e dos materiais curriculares.

Ademais, a colaboración entre a ONCE e a Consellería repercute na mellora dos centros educativos nos que estuda este alumnado, facendo realidade unha intervención educativa de calidade, axustada á diversidade de cada alumna e alumno, cunha intensa cooperación entre todas as persoas implicadas.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Cultura e Educación continúa a dar cumprimento ao seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, reforzado a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## **SANIDADE ADIANTA 200.000 EUROS A ASFEDRO CO FIN DE MANTER OS SEUS SERVIZOS AOS USUARIOS**

O Consello da Xunta autorizou hoxe o adianto de 200.000 euros a Asociación Ferrolá de Drogodependencias, Asfedro, co obxectivo de manter os seus servizos aos usuarios.

A presente addenda facilita a concesión dun anticipo do 25% do importe do convenio inicial, tendo en conta as dificultades financeiras que atravesará Asfedro. Deste xeito, a Consellería de Sanidade dá un claro apoio á asociación para que realice un esforzo de xestión que faga posible a súa solvencia e sustentabilidade de cara ao futuro.

Este convenio de colaboración, suscrito o 14 de marzo de 2013, ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención, desde un enfoque biopsicosocial, a persoas con trastornos aditivos relacionados con dependencias non alcohólicas, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

## **O EXÉRCITO INCREMENTARÁ A SÚA PRESENZA NOS MONTES GALEGOS PARA VIXIAR E DISUADIR A ACTIVIDADE INCENDIARIA**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio polo cal o Ministerio de Defensa se compromete a despregar 25 patrullas terrestres na campaña de alto risco, 2 máis que o pasado ano***
- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar financiará o operativo cun total de 545.858 euros***

O Exército incrementará a súa presenza nos montes galegos durante a vindeira campaña de alto risco de incendios forestais. O Ministerio de Defensa incorporará 2 novas patrullas este ano, que pasan de 23 a 25, tal e como se establece no convenio coa Xunta cuxa sinatura foi autorizada hoxe polo Goberno galego.

Este convenio ten por finalidade reforzar a vixilancia e identificación dos potenciais axentes causantes de lumes forestais, ao tempo que se busca que a propia presenza dos medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Defensa comprométese a levar a cabo, durante a campaña contra incendios forestais en Galicia, os despregamentos operativos de 25 patrullas terrestres con misión de vixilancia e disuasión.

### **Gastos**

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, comprométese a financiar o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto ascende a 545.858,00 euros, para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e relevos de unidade das Forzas Armadas.

Con este convenio mellórase a eficacia na prevención, vixilancia e disuasión dos lumes, co que se contribúe a mellorar tamén a seguridade das persoas e os bens, así como a defender a riqueza forestal de Galicia.

## **A POLICÍA AUTONÓMICA INCREMENTA NUN 30 POR CENTO OS EFECTIVOS DESTINADOS Á LOITA CONTRA O LUME NA TEMPADA DE VERÁN**

- ***Un total de 269 axentes estarán despregados polos montes galegos para controlar a actividade incendiaria e deter as persoas autoras dos lumes***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe da Policía Autonómica sobre a previsión de recursos no que concirne ao Pladiga 2013, que se verán reforzados durante a tempada de verán para prever e investigar os lumes no territorio da Comunidade Autónoma galega. Un ano máis, a Policía Autonómica asume o papel de policía operativa contra os lumes forestais, despregándose polos montes galegos de acordo coas pautas de traballo recollidas no Pladiga, empregando o máximo número de efectivos dispoñibles nesta época.

Este ano os efectivos permanentes son 240, aos cales se engadirían en caso de urxencia outros 29, ata completar ese total de 269. O pasado ano os efectivos permanentes só foron 137, aos cales se engadiron puntualmente nos casos de urxencia ata 69 efectivos máis, completando así o total de 206. Ademais, para dar unha resposta policial efectiva na loita e prevención dos incendios forestais, a Policía Autonómica conta con 42 vehículos todoterreo, 5 vehículos turismo camuflados e 7 motos todoterreo.

O corpo policial galego desenvolverá tarefas de prevención e investigación de incendios forestais, de acordo coas pautas recollidas no Pladiga 2013, cun total de 269 efectivos, o que significa un incremento dun 30% respecto do ano anterior. Este incremento de persoal prodúcese grazas a incorporación á unidade dun importante número de efectivos ao longo do ano 2012, despois dun acordo co Ministerio do Interior para 93 vacantes. Ademais, grazas a un novo concurso de vacantes ofertado polo Ministerio neste ano 2013, é posible que para a campaña de incendios a UPA poida contar con 46 novos efectivos, o que reforzará a súa operatividade nesta importante área.

A Policía Autonómica mantén sempre unha constante alerta operativa para prever e investigar os posibles lumes ocorridos en calquera época do ano, pero moi especialmente na tempada de verán, en plena vixencia do Pladiga. Deste xeito, como vén sendo habitual a estas alturas de ano, a UPA dispónse a afrontar a campaña contra os incendios forestais recollida no Pladiga 2013, tendo entre as súas misións reducir o número de lumes, controlar a posible actividade incendiaria e deter o maior número de persoas que resulten autoras dos lumes.

### **Resultados da loita contra incendios 2012**

Seguindo as pautas marcadas no Pladiga 2012, a Policía Autonómica estableceu un plan de actuación para desenvolver diversas actividades de carácter preventivo e de

investigación en materia de incendios, destinado a axudar a preservar os nosos montes e bosques do lume, evitando asemade os perigos que puidesen derivar para persoas e bens.

O pasado ano fíxose un gran esforzo en canto á asignación de medios humanos e materiais, o que deu lugar a unha investigación minuciosa da gran maioría dos incendios ocorridos, o que provocou que o número dos detidos/imputados durante a campaña Pladiga 2012 superase os dos anos anteriores.

## **A XUNTA PON EN MARCHA UN PLAN DE VENDA DE SOLO INDUSTRIAL CON 17 MEDIDAS PARA FACILITAR AOS EMPRENDEDORES O ACCESO A 2,8 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SUPERFICIE EMPRESARIAL EN CONDICIÓNS VANTAXOSAS**

- ***A Xunta dispón de solo empresarial á venda repartido en 50 parques empresariais, con 961 parcelas e 2,8 millóns de metros cadrados***
- ***Establécense descontos por pagamento ao contado, por volume de compra e para o traslado de actividades en edificacións fóra de ordenación urbanística, que poden supoñer ata un 20% de desconto***
- ***Tamén se establecen rebaixas de ata un 50% para parcelas singulares***
- ***O Goberno galego propón novos sistemas de negocio como o pagamento aprazado, concesión de dereitos de superficie ou alugamento con opción a compra***
- ***Nun prazo de 3 meses o IGVS convocará un concurso para fixar novos prezos das súas existencias de solo, con base na situación económica actual e na necesidade de reactivación económica e creación de emprego***
- ***Establécense liñas de colaboración cos concellos, como a bonificación de ata o 90% das taxas e impostos por concesión de licenzas de obra e de actividade***
- ***Desde maio de 2009 ata finais de 2012 vendéronse un total de 518 parcelas de solo industrial nos parques do IGVS e de Xestur, cunha superficie de máis dun millón de metros cadrados***
- ***O Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial abriuse a pasada semana para actuacións que xa contan con planeamento, priorizando as que teñen adquiridos os terreos***

O Consello da Xunta informou na súa reunión de hoxe sobre a situación actual do solo empresarial e industrial en Galicia e as medidas que o Goberno galego poñerá en marcha co fin de estimular o mercado de vendas de solo empresarial. Este conxunto de accións enmárcase no Plan de incentivos para a venda de solo empresarial en Galicia, elaborado polo Executivo autonómico.

Na actualidade a Xunta de Galicia dispón de solo empresarial á venda por toda a comunidade, repartido en 50 parques empresariais con solo dispoñible, 961 parcelas e 2,8 millóns de metros cadrados.

Na provincia da Coruña existen 449 parcelas dispoñibles cunha superficie total de 1.545.963 m<sup>2</sup>; en Lugo, 273 parcelas en 16 parques empresariais, con 567.458 m<sup>2</sup>; en Ourense, 101 parcelas en 8 parques, sumando 270.092 m<sup>2</sup>; e en Pontevedra 138 parcelas en 6 parques, cunha superficie de 466.145 m<sup>2</sup>. Estes datos figuran nas táboas indicadas no anexo.

Desde maio de 2009 ata finais de 2012 vendéronse un total de 518 parcelas de solo industrial nos parques do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e de Xestur, cunha

superficie total de 1.040.922,83 m<sup>2</sup>. Cabe precisar que no que se refire ás vendas de parcelas, entre os anos 2009 e 2010 dáse un incremento, diminuindo as cifras en 2011 e volvendo medrar en 2012.

Neste sentido, co obxectivo de seguir impulsando a venda de solo empresarial, o Executivo autonómico iniciará medidas de carácter económico, administrativo, de colaboración, publicitario ou novos sistemas de negocio.

En relación coas **medidas económicas**, as empresas públicas Xestur están aprobando nos seus consellos de Administración as seguintes medidas económicas de fomento da venda de solo empresarial:

- **Desconto por pagamento ao contado e por volume de compras.** Nos parques empresariais rematados hai máis de 5 anos estableceuse un desconto de ata un 10% por pagamento ao contado para calquera parcela e importe. Ademais, aplicarase un desconto do 5% por pagamento ao contado para importes de máis de 500.000 euros e do 3% para importes inferiores a esta cantidade. Se a operación engloba 3 ou máis parcelas para formar un único predio, engadirase un desconto adicional do 2% en calquera dos dous casos xa indicados.
- **Naves industriais fóra de ordenación.** Proponse unha liña de condicións especiais para o traslado de actividades situadas en edificacións que se encontran fóra de ordenación urbanística, mediante convenios cos concellos e axudas da Consellería de Economía e Industria. A achega de Xestur será un desconto do 3% sobre o prezo de venda da parcela ou parcelas do parque empresarial, unha vez realizadas todas as rebaixas que sexan de aplicación.
- **Parcelas singulares a baixo prezo.** Xestur ten un prezo especial para parcelas de singulares características co propósito de promocionar os parques onde están situadas. Os descontos nelas mesmas oscilan entre o 5 e o 50%.

A Xunta tamén prevé **novos sistemas de negocio** para potenciar a venda de solo empresarial en Galicia. Activaranse novas formas de negocio:

- **Pagamento aprazado.** Establécese a posibilidade de pagamento aprazado ata un máximo de 5 anos. O tipo de xuro é de 6,75% anual, cunha entrega inicial do 30% do importe de venda máis o IVE do total da operación. A garantía das cantidades pendentes poderase realizar a través de aval bancario, obrigas de pagamento avalados, condición resolutoria en escritura pública ou hipoteca. Para operacións singulares establecerase unha fórmula flexible de financiamento adaptada ás necesidades económicas do cliente, fixando entregas iniciais e prazos en función destas.
- **Dereito de superficie.** Para aquelas operacións de solo que non se materialicen como compra, establécese a posibilidade de conceder ao cliente un dereito de

superficie de ata 30 anos, prorrogable en función das necesidades do proxecto empresarial.

- **Alugamento con opción de compra.**

### **Rexistro de demandantes**

Na liña das **medidas administrativas**, a Xunta establece a posta en marcha do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial.

O Decreto 108/2012 polo que se crea o Rexistro responde á necesidade de dotar o IGVS e as sociedades públicas adscritas a el, que teñen dentro do seu obxecto social a promoción e xestión de solo empresarial, dun instrumento axeitado que permita levar a cabo as súas actuacións naqueles lugares onde non hai solo empresarial ou está esgotado ou executado.

O Rexistro permítelles aos demandantes dispor dunha canle para transmitir as súas demandas, de xeito que as actuacións que se leven a cabo en materia de promoción de solo empresarial respondan ás necesidades manifestadas polas empresas.

Unha vez iniciada a actuación, as empresas que se inscribisen nela, e logo de formalizar un compromiso de compra co promotor, terán dereito á adxudicación directa da superficie de solo solicitada e a unha bonificación do 5% do prezo definitivo da parcela. Ademais, a persoa solicitante terá dereito a renunciar á adxudicación e a que se lle devolvan as cantidades ingresadas cos correspondentes xuros legais xerados ata a data de devolución, cando o prezo definitivo resulte superior en máis dun 20% ao fixado con carácter mínimo estimativo.

O Decreto 108/2012 prevé inicialmente que o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial se abra no momento en que estea aprobado definitivamente o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia. Non obstante, poderá abrirse con anterioridade para algunhas actuacións que xa contan con planeamento aprobado. Neste sentido priorízanse as actuacións en que se adquirisen xa os terreos para o seu desenvolvemento.

Así, a pasada semana abriuse o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial para os seguintes parques: Cospeito (ampliación do PE de Muimenta. 1ª fase); Monforte de Lemos (Porto Seco. 1ª fase); Quiroga (fases B-D); Taboada; Verín (Tamagos. 1ª fase); Verín (Pazos. 1ª fase); Ribadavia (3ª fase); Xinzo de Limia (fase 5).

No eido das medidas administrativas, tamén está a modificación do Decreto 253/2007, de réxime xurídico do solo e as edificacións promovidas polo IGVS. Esta modificación

inclúe opcións de flexibilización para a adquisición de solo empresarial, así como a posibilidade de minoración dos prezos inicialmente establecidos.

Mentres non se aproba o novo decreto, nun prazo de 3 meses o IGVS convocará un concurso para fixar novos prezos das súas existencias de solo, con base na situación económica actual e na necesidade de reactivación e de posta en marcha de medidas que permitan aos empresarios levar a cabo actuacións que redunden na creación de emprego.

### **Colaboración entre administracións**

Nesta estratexia de venda de solo empresarial en Galicia, a Xunta salienta os convenios coas principais axencias da propiedade inmobiliaria con implantación nos concellos onde radican os parques empresariais, para realizar as xestións de promoción e venda deles.

O Goberno galego tamén considera fundamental para parques locais e comarcais a colaboración cos concellos, co fin de detectar posibles clientes entre Pymes locais e comarcais. Prevese a bonificación de ata o 90% das taxas e impostos por concesión de licenzas de obra e de actividade, como contraprestación ás axudas no prezo do parque empresarial. Tamén se propón a bonificación de ata o 90% das taxas por concesión de licenza de obra, de actividade e de apertura, para aqueles traslados de empresas que na súa localización primitiva se encontraban en situación urbanística de "fóra de ordenación".

A Xunta inclúe nestas medidas o convenio con entidades bancarias para a financiamento das operacións de venda de solo empresarial. Trátase de establecer un marco de cooperación coas entidades bancarias de modo que se lles ofrezca aos compradores información sobre as liñas de financiamento que as entidades financeiras asinantes dos convenios ofrecen aos compradores de solo, con condicións especiais para este tipo de operacións.

ANEXO: solo dispoñible para venda

## **A CORUÑA**

| PARQUE                | TOTAL SUPERFICIE DISPOÑIBLE m <sup>2</sup> | Nº DE PACELAS DISPOÑIBLES |
|-----------------------|--|---------------------------|
| Arzúa Fase II         | 9.279,00                                   | 3                         |
| As Somozas            | 68.600,00                                  | 4                         |
| Boiro                 | 18.869,00                                  | 9                         |
| Cedeira               | 36.037,00                                  | 34                        |
| Culleredo (Alvedro) * | 4.700,00                                   | 1                         |
| Melide Fase I         | 4.680,00                                   | 2                         |
| Melide Fase II        | 37.213,00                                  | 27                        |





|                          |                     |            |
|--------------------------|---------------------|------------|
| Negreira                 | 31.095,00           | 16         |
| Noia                     | 2.221,00            | 1          |
| Ordes                    | 18.454,00           | 5          |
| Ortigueira               | 61.017,00           | 50         |
| Penapurreira (As Pontes) | 11.858,00           | 1          |
| Pontedeume               | 9.898,00            | 4          |
| Sigüeiro (Oroso)         | 9.668,00            | 3          |
| Pazos (Padrón)           | 5.880,00            | 1          |
| A Sionlla (Santiago)     | 476.792,00          | 114        |
| ACTECA- Morás (Arteixo)  | 375.497,00          | 50         |
| Bértoa (Carballo)        | 360.310,00          | 119        |
| A Tella (Ponteceso)      | 1.985,00            | 4          |
| Santa Comba              | 1.910,00            | 1          |
| <b>Total Coruña</b>      | <b>1.545.963,00</b> | <b>449</b> |

## LUGO

| PARQUE                 | SUPERFICIE<br>DISPONÍBLE<br>m2 | Nº DE PARCELAS<br>DISPONÍBLES |
|------------------------|--------------------------------|-------------------------------|
| As Gándaras            | 283.006,00                     | 82                            |
| Barreiros 2ª fase      | 32.572,00                      | 33                            |
| Bóveda 1º fase         | 941,00                         | 1                             |
| Bóveda 2ª fase         | 2.338,00                       | 3                             |
| Cuíña (Cervo) P. C     | 58.105,41                      | 20                            |
| Foz                    | 9.428,00                       | 3                             |
| Guitiriz fase II       | 6.021,00                       | 3                             |
| Landrove (Viveiro)     | 51.921,70                      | 27                            |
| Lourenzá 2ª fase       | 13.352,46                      | 12                            |
| Monterroso             | 56.981,00                      | 47                            |
| Muimenta<br>(Cospeito) | 2.704,00                       | 1                             |
| O Corgo                | 12.172,00                      | 3                             |
| Palas de Rei           | 4.927,92                       | 7                             |
| Pontenova              | 3.767,12                       | 3                             |
| Quiroga                | 4.019,00                       | 4                             |
| Vílalba                | 14.076,13                      | 12                            |
| Xermade 2ª fase        | 11.126,00                      | 12                            |
| <b>Total Lugo</b>      | <b>567.458,74</b>              | <b>273,00</b>                 |

**OURENSE**

| PARQUE   | TOTAL SUPERFICIE DISPOÑIBLE | Nº DE PACELAS DISPOÑIBLES |
|--|-----------------------------|---------------------------|
| Barco de Valdeorras 1ª fase                        | 1.220,00                    | 2                         |
| Barco de Valdeorras 2ª-3ª fase                     | 61.893,00                   | 23                        |
| Carballiño 1ª fase                                 | 4.600,00                    | 1                         |
| Carballiño 2ª fase                                 | 25.203,08                   | 6                         |
| Celanova 1ª fase                                   | 3.418,00                    | 2                         |
| Pereiro de Aguiar P. 2A                            | 2.058,02                    | 1                         |
| Pereiro de Aguiar P. 2B                            | 30.631,00                   | 25                        |
| Ribadavia Pol 1                                    | 1.343,44                    | 1                         |
| Ribadavia Pol 2                                    | 6.138,05                    | 4                         |
| Vilamarín 1ª fase                                  | 32.683,01                   | 21                        |
| Xinzo 4ª fase                                      | 16.084,00                   | 5                         |
| Central Transportes 1ª fase (San Cibrao das Viñas) | 40.053,00                   | 3                         |
| Central Transportes 2ª fase (San Cibrao das Viñas) | 44.767,80                   | 7                         |
| <b>Total Ourense</b>                               | <b>270.092,40</b>           | <b>101</b>                |

**PONTEVEDRA**

| PARQUE                                | TOTAL SUPERFICIE DISPOÑIBLE m2 | Nº DE PACELAS DISPOÑIBLES |
|---------------------------------------|--------------------------------|---------------------------|
| A Reigosa (Ponte Caldelas)            | 193.264,83                     | 24                        |
| Arbo 1ª fase *                        | 1.758,00                       | 2                         |
| Arbo 2ª fase                          | 20.227,05                      | 17                        |
| Central Transportes de Ponte Caldelas | 38.214,53                      | 42                        |
| Lalín 2000 fase 1 *                   | 2.193,00                       | 1                         |
| Lalín 2000 fase 3 *                   | 4.040,00                       | 2                         |
| Mos I (Veigadaña)**                   | 194.899,00                     | 47                        |
| Silleda 2 fase                        | 11.548,74                      | 3                         |
| <b>Total Pontevedra</b>               | <b>466.145,15</b>              | <b>138</b>                |

## **A XUNTA MULTIPLICA POR DEZ O ORZAMENTO PARA A FORMACIÓN DOS INVESTIGADORES GALEGOS EN CENTROS DE REFERENCIA EXTERIOR**

- ***As bolsas favorecen a máis dun cento de científicos e tecnólogos galegos grazas a un esforzo investidor de preto de 1 millón de euros***
- ***O programa impulsa a mobilidade dos científicos galegos enriquecendo o capital humano dos centros e mellorando o sistema Galego de I+D+i***
- ***Os beneficiarios serán profesionais contratados en centros tecnolóxicos ou de investigación non universitarios con sede en Galicia***
- ***As bolsas comprenden unha primeira asignación para a viaxe e o seguro e unha contía mensual que depende da distancia do lugar de destino, cun máximo de 1.900 euros***

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola formación dos investigadores galegos, multiplica por dez o orzamento das bolsas para estadias de investigadores e tecnólogos galegos en centros de referencia do exterior para impulsar a súa formación. Deste xeito, o Goberno galego inviste case 1 millón de euros que beneficiarán máis dun cento de profesionais de centros tecnolóxicos e de investigación non universitarios.

A través deste programa impúlsase a mobilidade dos científicos galegos incrementando as súas capacidades e competencias e o seu nivel de relacións no eido internacional, aspectos fundamentais que repercuten directamente na mellora da competitividade do Sistema de I+D+i de Galicia e, polo tanto, do noso tecido empresarial. Así mesmo, favorécese a aprendizaxe de novas técnicas no seo dos grupos de destino.

As bolsas, cuxo prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, destínanse a estadias este ano dunha duración de entre 1 e 6 meses, e cubrirán unha primeira axuda para os gastos de desprazamento e seguros e unha asignación mensual bruta que dependerá do lugar de destino. Esta será dun máximo de 1.200 euros se a incorporación se produce en España, Portugal ou Andorra; de 1.500 euros se é no resto de países de Europa, África ou Iberoamérica; e de 1.900 euros se a incorporación se produce en Estados Unidos, Canadá ou países de Asia e Oceanía.

Mediante estas bolsas os beneficiarios poderán actualizar coñecementos e aprender novas técnicas de investigación, así como completar a súa formación mediante a súa incorporación temporal a centros de coñecemento de referencia no exterior, preferentemente no estranxeiro.

Estas axudas enmárcanse no eixe estratéxico de xestión do talento do I2C, que prevé como un dos seus obxectivos incrementar a mobilidade tanto dentro do Sistema galego de innovación como no ámbito doutros sistemas de I+D+i, especialmente para

incrementar a presenza galega no Espazo Europeo de Investigación e para atraer talento de referencia internacional.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN CONVOCA OS PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2013**

- ***A nova edición dos premios incorpora unha modalidade dedicada á lingua, en recoñecemento do labor a prol da valoración e da extensión do uso do galego***
- ***O obxectivo destes galardóns é poñer en valor e darlle visibilidade ao traballo desenvolvido a prol da cultura galega nos ámbitos da música, das artes escénicas, do audiovisual, do patrimonio cultural, da proxección exterior e da lingua***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova edición dos Premios da Cultura Galega, cos cales se recoñece o traballo destacado de entidades e persoas nos ámbitos das letras, das artes plásticas, das artes escénicas, da música, do audiovisual, da lingua, do patrimonio cultural e da proxección cultural de Galicia no exterior.

Tras o visto e prace do Consello da Xunta, a convocatoria de 2013 será publicada nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia* para que, desde ese momento, as asociacións e institucións de Galicia poidan presentar, nun prazo de dous meses, as candidaturas daquelas persoas e entidades con méritos suficientes para seren distinguidas na modalidade correspondente. Os premiados serán escollidos por un xurado amplo e diverso conformado por 10 membros procedentes das principais institucións de Galicia, así como profesionais do sector.

### **Nova modalidade**

Con respecto ás edicións anteriores, a edición de 2013 dos Premios da Cultura Galega incorpora unha nova modalidade nos premios: o Premio Cultura Galega de Lingua, que recoñecerá o labor a prol da valoración e extensión do uso da lingua galega. Para iso, valorarase o desenvolvemento de obras e de iniciativas destinadas a afianzar o uso e a valoración social do idioma propio de Galicia.

No caso dos premios á Cultura Galega de Letras, de Artes Plásticas, de Artes Escénicas e de Audiovisual, valoraranse os méritos especiais no que atinxe ao desenvolvemento de recursos expresivos, investigación de linguaxes propias, innovación no plano creativo, creacións de código de intercambio con outras sociedades e outros aspectos que contribúan a fortalecer e ampliar o sistema literario galego, a creación plástica galega, as artes escénicas da nosa terra, e á creación audiovisual galega –respectivamente–, e a súa imaxe pública.

Para o Premio de Patrimonio Cultural terase en conta a traxectoria meritória vinculada á protección, conservación e difusión da nosa riqueza cultural. Por outra banda, o Premio Cultura Galega á Promoción Cultural de Galicia recoñecerá a traxectoria vinculada á difusión cultural da Comunidade no exterior, que contribúa a proxectar dentro e fóra do territorio galego a riqueza e valor da cultura galega en calquera campo e a través de calquera medio convencional ou virtual.

A modalidade de Música valorará especialmente a achega para reforzar a imaxe desta arte como creadora dunha linguaxe galega de calidade, con personalidade propia e con capacidade para se integrar nos escenarios internacionais.

### **Candidaturas**

As candidaturas poderán ser presentadas por institucións e entidades culturais ou profesionais, públicas ou privadas, relacionadas co obxecto de cada premio, aínda que os candidatos non poderán postularse a si mesmos. En cada unha das modalidades concederáse un único premio, que consistirá nunha escultura ou obxecto conmemorativo realizado por un artista galego de recoñecido prestixio e nun diploma acreditativo.

O xurado encargado da selección dos premiados contará con 10 membros e estará presidido polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad.

### **Mostra da vitalidade da cultura galega**

Os Premios da Cultura Galega constitúen un acto de agradecemento colectivo ao labor creativo e ao esforzo polo desenvolvemento cultural de Galicia que realizan día tras día artistas, profesionais, entidades e agrupacións sociais, dentro e fóra das nosas fronteiras. Ademais, estes galardóns contribúen a proxectar e a darlle visibilidade ao traballo realizado en prol da cultura galega.

Con esta nova convocatoria, a Xunta de Galicia recoñece a excelencia nos diversos ámbitos da cultura, desde as letras ás artes plásticas, a música, a lingua, o patrimonio, as artes escénicas, o audiovisual e a súa expansión no mundo, o que constitúe unha mostra do mellor da vitalidade cultural de Galicia na actualidade.

## **GALICIA, PIONEIRA EN IMPLANTAR O SISTEMA DE NOTIFICACIÓN E APRENDIZAXE PARA A SEGURIDADE DO PACIENTE EN TODOS OS HOSPITAIS DO SERGAS**

- ***O número de notificacións no ano 2012 foi de 1.703 e a tendencia á notificación foi en aumento ata o momento actual en todo o Sergas, o que reflicte unha crecente preocupación dos profesionais pola seguridade asistencial***

O Consello da Xunta de Galicia abordou un informe da Consellería de Sanidade referido ao Sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente (SiNASP), do que Galicia é pioneira en implantalo en todos os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde.

Durante o ano 2010 o Ministerio de Sanidade ofreceulles ás comunidades autónomas sumarse a este proxecto, e Galicia foi unha das tres primeiras en facelo. Durante o 2011, o departamento que dirixe Rocío Mosquera abordou a formación e a implantación do sistema en todos os hospitais galegos e, no pasado ano, asentouse o sistema, cunha mellora importante no nivel de notificacións.

Estes sistemas de notificación son unha das ferramentas que melloran a seguridade e son tamén requisito para a obtención do certificado ISO de xestión de riscos. Ademais, grazas ao SiNASP, o Sergas dispón das notificacións realizadas en todos os hospitais, de maneira agregada, o que permite a adopción de políticas xerais de prevención de eventos adversos de modo institucional.

Cómpre sinalar, así mesmo, que no pasado ano o Sergas revisou, mellorou e difundiu unha nova versión da Guía de recomendacións para a Xestión de eventos sentinela e adversos graves, ferramenta que foi creada en 2011 para facilitarlles aos xestores a súa abordaxe.

### **Resultados**

Dos resultados da aplicación do SiNASP en 2012 nos hospitais do Sergas despréndese que o número total de notificacións foi de 1.703 e a tendencia á notificación foi aumentando ata o momento actual en todo o Sergas, o que reflicte unha crecente preocupación dos profesionais pola seguridade asistencial. Cómpre subliñar que, aínda que o sistema permite a opción de notificar de modo anónimo, preto do 50% dos profesionais que notificaron un incidente se identificaron.

Convén remarcar, igualmente, que o 87% das notificacións se pecharon con accións de mellora e que todos os hospitais superaron o estándar de notificación, que é do 3% en relación co número de profesionais sanitarios, e, ademais, que os resultados do indicador que mide o volume de notificacións en relación co número de camas é mellor en Galicia que a media nacional (19% media nacional e 26,37% en Galicia).

A clasificación dos incidentes segundo a área onde aconteceron recolle que o 52,13% tiveron lugar nas unidades de hospitalización; o 13,44% nos servizos centrais; o 12,70% no bloque cirúrxico; o 7,75% nas unidades de coidados intensivos; o 6,80% nas urxencias; o 3,48% nos servizos de apoio; o 1,85 en consultas externas; o 1,11% en hospital de día e, por último, o 0,74% en sala de partos.

Segundo se desprende do informe presentado pola Consellería de Sanidade, a clasificación dos incidentes recolle que o 48,8% non supuxeron ningún dano para o paciente, un 24,2% un risco baixo, o 20,5% un risco medio, o 5,5% un risco alto, e tan só o 0,7% tiña un risco extremo.

En definitiva, o uso dun sistema de notificación de incidentes é unha potente ferramenta de mellora para a seguridade dos pacientes e, ademais, a aprendizaxe que supón beneficia a todas as organizacións do sistema sanitario, así como aos seus usuarios, permitindo coñecer, analizar e extraer coñecemento dos incidentes, así como dos eventos adversos e as situacións de risco potencial que acontecen nos centros sanitarios.

A implantación do SiNASP enmárcase na Estratexia Sergas 2014, no marco do seu obxectivo de fomentar a cultura da seguridade clínica na actividade diaria dos profesionais, implantando prácticas seguras que reduzan a incidencia de eventos adversos. Só o que se mide se pode mellorar. Esta é a premisa na que se basea a estratexia de seguridade de pacientes e calidade do Servizo Galego de Saúde.

Débese sinalar, así mesmo, o agradecemento por parte da Administración sanitaria aos profesionais do Sergas, sen os que estes resultados non serían posibles.



## **O CALENDARIO LABORAL GALEGO PARA 2014 INCLUIRÁ COMO FESTIVO PROPIO AUTONÓMICO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe coa proposta do calendario laboral para o próximo exercicio, que será aprobado posteriormente por decreto***
- ***O calendario laboral está establecido polo Real decreto 2001/1983, que fixa 14 festivos: dous elixidos por concellos, aos cales se suman 12 marcados polo Estado***
- ***Destes 12, un total de 9 son de carácter obrigatorio e 3 poden ser substituídos polas comunidades autónomas, aínda que tradicionalmente estes 3 nunca son cambiados por Galicia***
- ***Dos 9 festivos obrigatorios, se algún coincide en domingo, a Comunidade Autónoma pode substituílo polo luns seguinte, ou ben por outro día de interese***
- ***En 2014, o único festivo obrigatorio que cae en domingo é o 12 de outubro, que pasa a ser substituído polo 17 de maio, Día das Letras Galegas***

O calendario laboral galego para 2014 incluírá como festivo propio autonómico o Día das Letras Galegas. O próximo exercicio o único festivo obrigatorio que cae en domingo, e que polo tanto se pode substituír, é o 12 de outubro, Día da Hispanidade, que se cambia polo 17 de maio.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que recolle a proposta do calendario laboral de cara ao ano que vén. Posteriormente, terá que ser aprobado por decreto.

O Real decreto 2001/1983 establece o calendario laboral, que fixa as festas de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Esta normativa establece un máximo de 14 festivos anuais.

Destes 14 festivos, 2 son elixidos por cada concellos. Dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles (1 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro), mentres que outros tres festivos poden ser substituídos polas comunidades autónomas. Galicia tradicionalmente non cambia estes tres festivos, xa que son o 6 de xaneiro, o Xoves Santo (todas as comunidades manteñen sempre estes dous festivos), e o 25 de xullo, que na nosa comunidade sempre se fixa, xa que é o Día Nacional de Galicia.

Hai que ter en conta que se algún dos 9 festivos nacionais de carácter obrigatorio cae en domingo, a Comunidade pode substituílos ou ben polo luns seguinte ou por outro día que fixe a propia Comunidade Autónoma. Este é o caso en 2014 do 12 de outubro, que Galicia substitúe polo 17 de maio.

## Calendario laboral de Galicia para 2014

| <b>FESTIVIDADE</b>           | <b>DATA</b> |          |
|------------------------------|-------------|----------|
| Ano novo                     | 1 xaneiro   | mércores |
| Día de Reis (**)             | 6 xaneiro   | luns     |
| Xoves Santo (**)             | 17 de abril | xoves    |
| Venres Santo (*)             | 18 abril    | venres   |
| Festa do Traballo(*)         | 1 maio      | xoves    |
| Día das Letras Galegas (***) | 17 maio     | sábado   |
| Día Nacional de Galicia (**) | 25 xullo    | venres   |
| A Asunción (*)               | 15 agosto   | venres   |
| Todos os Santos (*)          | 1 novembro  | sábado   |
| Día da Constitución (*)      | 6 decembro  | sábado   |
| A Inmaculada (*)             | 8 decembro  | luns     |
| Nadal (*)                    | 25 decembro | xoves    |

**(\*) Festa de carácter nacional non substituíble**

**(\*\*) Festa de carácter nacional sobre a cal a Comunidade Autónoma non exerceu a facultade de substitución**

**(\*\*\*) Festa propia da Comunidade Autónoma**

Ao ser **domingo** o 12 de outubro, a Comunidade Autónoma opta por fixar o Día das Letras Galegas como un día propio.